

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA  
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO  
O DÍA 27 DE MAIO DE 2010,  
BAIXO A PRESIDENCIA DO  
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

**PROXECTOS DE LEI**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Proxecto da Lei de augas de Galicia

**DECRETOS**

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Decreto polo que se regula o Programa Aluga para o fomento do aluguer de vivendas na Comunidade Autónoma

**CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

- Decreto polo que se dispón o cesamento de José Luís Vázquez Fernández como secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria
- Decreto polo que se dispón o nomeamento de Jesús Oitavén Barcala como secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

**ACORDOS**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio bilateral de colaboración entre a Xunta de Galicia e a entidade pública empresarial Red.es para o desenvolvemento de servizos públicos dixitais no ámbito educativo, dirixidos á posta en marcha das aulas dixitais cun importe de 1.300.000 euros
- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas, que o importe conxunto dos pagamentos á conta poida alcanzar o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, e a exención aos beneficiarios da obriga de constituíren garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir ao abeiro da resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder),

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

para a extensión de redes de transporte de alta capacidade en poboacións con maior demanda desatendida de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o período 2010–2012

- Acordo polo que se autoriza o gasto de carácter plurianual para o financiamento das axudas, que o importe conxunto dos pagamentos a conta poida alcanzar o 100% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas, e a exención aos beneficiarios da obriga de constituíren garantías nos pagamentos á conta que poidan recibir ao abeiro da resolución pola que se aproban as bases reguladoras para a concesión de axudas no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, para a extensión de redes de acceso de nova xeración nas poboacións con maior demanda de Galicia, en réxime de concorrencia competitiva, e se procede á súa convocatoria para o período 2010–2013
- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia, por medio da Consellería de Presidencia, Administracións Pública e Xustiza, e o Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), para a execución do proxecto: “Programa integral para o desenvolvemento profesional e produtivo da pesca de pequena escala e acuicultura rural en Centroamérica”, polo importe de douscentos cincuenta mil euros (250.000,00 €)
- Acordo polo que a Xunta de Galicia interpón, de conformidade co disposto no artigo 63 da Lei orgánica 2/1979, do 3 de outubro, do Tribunal Constitucional, conflito positivo de competencias contra a Resolución do 1 de febreiro de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se aproba a convocatoria para a concesión, con cargo ao exercicio orzamentario de 2010, de subvencións públicas para a execución de plans de formación mediante convenios, de ámbito estatal, dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados, en aplicación da Orde TAS/718/2008, do 7 de marzo, pola que se regula a formación de oferta e se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións públicas destinadas ao seu financiamento
- Acordo polo que se autoriza a tramitación do expediente de gasto que ten por obxecto a contratación do servizo de explotación operativa do número único de emerxencias 112 Galicia, no Centro de Atención de Emerxencias 112 Galicia por un importe de 5.150.000 euros

**CONSELLERÍA DE FACENDA**

- Acordo polo que se autoriza a subscripción dun convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago de Compostela para sufragar os gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma de Galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se aproba un plan de racionalización de recursos humanos para a creación de prazas de persoal funcionario na Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica

**CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E INFRAESTRUTURAS**

- Acordo polo que se aproba o convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación de Pontevedra, para levar a cabo a reparación de danos de obra de fábrica na EP-7207 Cachafeiro–Vilapouca, por un importe de seiscentos mil euros (600.000,00 €)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas para a contratación polo procedemento aberto harmonizado, para a realización de servizos de realización da cartografía 1:5.000 (BTG) de Galicia (tres lotes) polo importe de nove millóns trescentos noventa e tres mil catrocentos dous euros con vinte céntimos (9.393.402,20 €)

**CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA**

- Acordo polo que se autoriza o Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) para establecer condicións especiais de subsidiariedade e para superar o prazo máximo de vixencia de cinco (5) anos na concesión dunha prórroga na vixencia do aval prestado a Grupo Tamega, S.L. polo importe máximo de dous millóns douscentos corenta mil euros (2.240.000,00€)
- Acordo polo que se autoriza a Consellería de Economía e Industria para establecer anticipos de ata o 80% do importe das subvencións sen necesidade de prestación de garantías a favor da Xunta de Galicia, correspondentes á orde pola que se establecen as bases para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para o soterramento de infraestruturas eléctricas na Comunidade Autónoma de Galicia, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder), e se procede á súa convocatoria

**CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO**

- Acordo polo que se autoriza subscribir un convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia, a *S.A. de Xestión do Plan Xacobeo* e *Casa Asia*, para a organización conxunta de actividades de promoción e difusión cultural
- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación de Ourense para a execución dun proxecto de sinalización turística dos límites fronteirizos

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e a Deputación de Pontevedra, para a execución dun proxecto de sinalización turística dos límites fronteirizos

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Acordo polo que se autoriza a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño, en materia de estatística e información agraria e alimentaria para a anualidade de 2010, por un importe total de cento oitenta e tres mil oitocentos seis euros con dez céntimos (183.806,10 €)
- Acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do “Proxecto construtivo Eixo atlántico de alta velocidade. Tramo A Vacariza-Rialíño (A Coruña). Plataforma” sobre a dos seguintes montes veciñais en man común *Isorna* pertencente á Comunidade de Isorna, no concello de Rianxo; *Cruz de Avelán*, pertencente á Comunidade de San Xoán de Laíño, no concello de Dodro; e *Balouta e Fontecova*, pertencente á Comunidade de Dodro, no concello de Dodro, promovida pola Dirección Xeral de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento

**INFORMES**

**CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA**

- Informe sobre a creación da comisión paritaria de elaboración do Plan de Igualdade da Administración autonómica galega
- Informe sobre o Plan de Formación Continua do persoal da Administración local de Galicia para o ano 2010

**CONSELLERÍA DE SANIDADE**

- Informe sobre o plan integral de eficacia enerxética en centros sanitarios do Servizo Galego de Saúde
- Informe sobre o plan de actuacións da Xunta de Galicia fronte á unha posible vaga de calor
- Informe sobre a fusión das fundacións de interese galego para a investigación, desenvolvemento e innovación no sector sanitario da Comunidade Autónoma de Galicia

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

**CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL**

- Informe sobre o acceso do corredor norte-noroeste de alta velocidade no treito Lubián-Ourense, subtreito Lubián-Cercedelo

**CONSELLERÍA DO MAR**

- Informe sobre a presenza da Consellería do Mar nos certames feirais relativos á promoción dos produtos da pesca, do marisqueo e da acuicultura

## **O CONSELLO APROBA O ANTEPROXECTO DA LEI DE AUGAS, DESTINADA LOGRAR O SANEAMENTO DAS RÍAS E DOS RÍOS DE GALICIA A TRAVÉS DUN USO SUSTENTABLE E RACIONAL DO RECURSO**

- *A futura lei dedica unha atención especial á consecución do ciclo integral da auga e á reparación dos danos causados*
- *A lei suporá o fomento do uso racional da auga na Comunidade Autónoma galega, así como a declaración de interese galego do servizo de depuración de augas residuais*
- *Créase o canon da auga, que substitúe o actual canon de saneamento, que será universal e aplicado a todas as aglomeracións urbanas, así como aos usuarios de captacións propias e de traídas veciñais*
- *No caso de captacións propias e traídas veciñais aplicarase unha bonificación do 80 por cento do canon, xa que son os propios usuarios os que administran o seu sistema de abastecemento*
- *A colaboración da cidadanía galega é un factor básico no espírito desta lei, polo que se creará o consello para o uso sustentable da auga, que será un órgano de participación das entidades públicas e privadas con competencias vinculadas á auga, así como dos cidadáns*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe o anteproxecto da Lei de augas de Galicia, que pretende dar cumprimento á Directiva Marco da Auga (DMA), o que significará un cambio de modelo de xestión da Administración hidráulica galega. O texto trasladarase agora ao Parlamento de Galicia para o seu debate e aprobación.

Con esta nova norma acadarase un modelo de xestión que establece 3 liñas estratéxicas principais:

- A ambiental: acadar o bo estado ecolóxico das augas no ano 2015 atendendo a un uso sustentable e racional da auga.
- A económica: aplicar o principio de recuperación dos custos dos servizos relacionados coa auga e do principio de austeridade na Administración hidráulica.
- A social, que buscarán garantir a participación do público en xeral na xestión dos recursos hídricos.

A Lei suporá o fomento do uso racional da auga na Comunidade Autónoma galega, así como a declaración de interese galego do servizo de depuración de augas residuais, é dicir, a explotación e mantemento de depuradoras, así como o establecemento das bases para acadar un modelo para a xestión das depuradoras de augas residuais.

### **Punto de vista ambiental**

Dende o punto de vista ambiental, un dos cambios máis importantes que implicará a implantación do novo marco xurídico será a creación da entidade Augas de Galicia, cunha configuración xurídica en que se acadará unha maior eficiencia e eficacia na



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

xestión da auga. Crearase una nova entidade que será froito da fusión da actual Augas de Galicia e da Empresa Pública de Obras e Servizos Hidráulicos (EPOSH). Con isto, lograrase unha maior flexibilidade organizativa e unha redución nos tempos burocráticos, o que implicará unha contratación da obra pública hidráulica máis áxil.

En relación ao abastecemento, saneamento e depuración de auga, a nova Lei de augas de Galicia garantirá á cidadanía unha cantidade e calidade de auga óptima, atendendo a un uso racional e sustentable, ao mesmo tempo que contribuirá ao bo estado das augas.

Estes obxectivos serán posibles grazas á declaración de interese da Comunidade Autónoma daquelas actuacións previstas na planificación; e do servizo de depuración de augas residuais, o que supón un dos piares fundamentais desta lei.

**Protección das rías**

Neste senso, cabe sinalar que a Xunta de Galicia é consciente da problemática actual en materia de explotación das depuradoras de augas residuais en Galicia, polo que establece as bases para implantar un modelo de xestión baseado en criterios de solidariedade territorial e xustiza tributaria.

Así mesmo, a Lei de augas establece un réxime especial de protección da calidade das augas das rías de Galicia. Con isto, considerouse conveniente incluír na futura lei un título completo dedicado ás rías galegas, xa que un ámbito tan propio e específico de Galicia debe ser obxecto de especial protección e atención.

Con esta norma, Galicia contará con competencias exclusivas en materia de augas que regula un réxime sancionador propio, aplicable na intervención e control do dominio público hidráulico das súas bacías internas.

A futura lei dedica unha atención especial á reparación do dano causado e a reposición das cousas ao seu estado primitivo.

**A liña económica**

No eido económico, o marco normativo establece dous principios fundamentais: a austeridade, coa creación da nova entidade Augas de Galicia, e o principio de recuperación de custos.

A fusión de Augas de Galicia e a EPOSH terá un compoñente económico importante, xa que, así, se cumprirá co principio de austeridade, marcado polo Goberno da Xunta, o que suporá un aforro en materia de persoal de máis de 211.000 euros/ano.

No caso do principio de recuperación de custos, baseado na premisa de “quen contamina paga e repara”, crease o canon da auga, que substitúe o actual canon de saneamento. Dado que toda a cidadanía afecta, en maior ou menor medida, o medio, é

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

dicir, as masas de auga, toda a cidadanía debe contribuír a acadar o bo estado ecolóxico delas.

En consecuencia, o canon da auga será universal e será aplicado a todas as aglomeracións urbanas, así como aos usuarios de captacións propias e de traídas veciñais. Nestes últimos dous casos, aplicarase unha bonificación do 80 por cento do canon, xa que son os propios usuarios os que administran o seu sistema de abastecemento. Por outra banda, o Proxecto da Lei de augas de Galicia prevé que os usuarios que non dispoñan dun mecanismo de medición directa (contadores) poderán acollerse a outros sistemas de estimación obxectiva, de xeito que non é obrigatoria a instalación do dispositivo.

Neste momento, o canon de saneamento estase a aplicar tan só ás aglomeracións urbanas de máis de 2.000 h-e, de conformidade coa orde do 4 de outubro de 2000, pola que se determinar a relación de aglomeracións urbanas suxeitas ao canon de saneamento para usos domésticos.

**Características do Canon da Auga**

- Incentiva o consumo responsable: o actual canon de saneamento é un canon con tarifa lineal, e o futuro canon da auga será por treitos de consumo
- Dependerá do número de residentes na vivenda
- Terá en conta as familias numerosas cunha bonificación do 50%
- Contará cunha TARIFA SOCIAL. Grazas a esta, deixaranse exentos de pagamento do canon da auga os cidadáns que non superen un determinado consumo mensual mínimo e, por tanto, existirán usuarios que pasarán a pagar menos.

**Participación cidadá**

O principio de xestión participativa é outro pilar da futura Lei de augas de Galicia, co que se pretende garantir e fomentar a participación cidadá, como unha necesidade básica para acadar os obxectivos ambientais e económicos. A colaboración dos habitantes é un factor básico no espírito desta lei, xa que a cidadanía debe concienciarse de que a auga é un recurso invaluable que merece especial protección e, para isto, é preciso a súa participación no ciclo da auga.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Por todo isto, crearase o “consello para o uso sustentable da auga”, un órgano de participación das distintas entidades públicas e privadas con competencias e intereses vinculados á auga, así como dos cidadáns de Galicia.

Así, con esta normativa, establecerase un novo marco xurídico galego que garantirá a auga en calidade e cantidade á cidadanía, atendendo sempre a un uso racional e sustentable, que implicará unha mellora na xestión dos recursos hídricos de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**O PROGRAMA ALUGA INCREMENTA UN 27% AS AXUDAS E DIMINÚE UN 82% OS GASTOS DE XESTIÓN CON RESPECTO AO PROGRAMA DE ALUGUER DO ANTERIOR GOBERNO**

- *Nos próximos tres anos prevese que o custo total do Programa Aluga acade preto dos 34 millóns de euros, beneficiando unhas seis mil familias galegas*
- *O Consello da Xunta aprobou hoxe o Decreto que regula o novo Programa Aluga, que regulará as axudas ao alugueiro. Publicarase no DOG nos vindeiros días e entrará en vigor dous meses despois.*
- *As axudas máximas pasarán do 60 ao 70 por cento da renda mensual*
- *Os posibles beneficiarios incrementaranse, ao pasar de 3 a 3,5 veces o Iprem a renda máxima*
- *Os gastos de xestión do programa reduciranse en máis dun 80 por cento.*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou na súa reunión de hoxe o decreto polo que se rexe o novo Programa Aluga, que substitúe o anterior programa de vivenda en aluguer. O decreto publicarase no DOG nos vindeiros días e entrará en vigor dous meses despois.

O Programa Aluga xorde da necesidade de dar unha nova orientación ás medidas de fomento do aluguer de vivendas privadas, co obxecto de paliar as disfuncionalidades detectadas no anterior programa, como a complexidade da tramitación con externalización de funcións administrativas, o cadro de persoal sobredimensionado e os elevados custos de funcionamento.

Este novo programa dirixido ao aluguer, que busca a harmonización co resto de programas de vivenda, configúrase como unha medida de inminente carácter social, cunha dobre finalidade:

- Favorecer o mercado de aluguer de vivendas en Galicia, promovendo a incorporación a el de vivendas desocupadas de titularidade privada.
- Facilitar o acceso a unha vivenda aos sectores de poboación con niveis de ingresos comprendidos entre 0,7 e 3,5 veces o indicador público de renda de efectos múltiples (IPREM), así como a determinados colectivos con ingresos inferiores a 0,7 veces o IPREM, en particular, ás mulleres vítimas de violencia de xénero.

A través do Programa Aluga poderán acceder ás axudas para o aluguer todos os interesados con ingresos inferiores a 3,5 veces o indicador público de rendas de efectos múltiples (Iprem), inscritos no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda e residentes en Galicia ou que desenvolvan o seu traballo na nosa Comunidade Autónoma. Os propietarios de vivendas tamén poderán beneficiarse de axudas para a rehabilitalas antes de poñelas á disposición do Programa, así como subvencións para os gastos derivados do aluguer.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Previsións para os próximos tres anos**

Nos próximos tres anos prevese que o custo total do Programa Aluga acade preto dos 34 millóns de euros, e que beneficie a unhas seis mil familias galegas.

No cadro adxunto amósase como cun custe semellante, o novo Programa Aluga permite incrementar de maneira notable os fondos destinados a axudas ao alugueiro.

	<b>Programa de Vivenda en Aluguer (3 anos bipartito)</b>	<b>Programa Aluga (próximos 3 anos)</b>
<b>Subvencións:</b>	<b>25.423.791,78 euros</b>	<b>32.398.643,50 euros</b>
<b>Gastos de funcionamento:</b>	<b>8.686.511,19 euros</b>	<b>2.876.812,13 euros</b>

**Xestión do programa**

O Programa Aluga tamén supón importantes novidades na xestión das axudas de aluguer, xestión que recupera o Instituto Galego da Vivenda e Solo despois de que o anterior goberno a externalizase, dando lugar a unha tramitación longa e complicada, que atrasaba de maneira notable a súa resolución, ao tempo que resultaba moi custosa economicamente.

A recuperación por parte do IGVS da xestión do programa permitirá reducir de maneira significativa os custes do mesmo sen incrementar os gastos de persoal do IGVS.

Co Programa Aluga, a demanda de vivenda en aluguer realízase a través do novo Rexistro Único de Demandantes de Vivenda, que dispón dunha sección creada para o efecto, o que permite centralizar nun único rexistro toda a demanda de vivenda existente en Galicia.

Doutra banda, o decreto polo que se rexe o Programa Aluga contempla a posta en funcionamento de unidades funcionais do IGVS denominadas centros de acompañamento e asesoramento do Programa Aluga, nas cidades da Coruña, Ferrol, Santiago de Compostela, Lugo, Ourense, Pontevedra e Vigo.

A través destes centros de acompañamento e asesoramento do Programa Aluga, o IGVS pretende prestar unha asistencia integral aos propietarios e inquilinos, con funcións de acompañamento e asesoramento, destacando como novidade importante o desempeño de labores de mediación e solución de conflitos, así como de apoio profesional na fase de posta á disposición das vivendas e durante a vixencia da relación arrendaticia.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Inquilinos**

As principais novidades que presenta o Programa Aluga en relación cos inquilinos son as seguintes:

- Amplíanse os tramos de ingresos dos potenciais beneficiarios ata 3,5 veces o Iprem para harmonizalo con outras actuacións en materia de vivenda protexida. O anterior programa de vivenda en alugueiro establecía como ingresos máximos ata 3 veces o Iprem.
- Para determinar os importes máximos da renda das vivendas alugadas téñense en conta as zonas territoriais onde se encontren as vivendas, establecendo tres zonas coma no Plan de Vivenda 2009-2012: zona territorial de prezo máximo superior, zona 1 e zona 2, establecidas para a determinación dos prezos das vivendas protexidas. O antigo programa de vivenda en aluguer establecía un importe máximo para as sete grandes cidades e outro para o resto dos concellos de Galicia.
- Para adecuar o prezo da renda aos ingresos e asegurar un certo grao de solvencia, establécense novos límites de renda segundo tramos de ingresos dos inquilinos:

<b>PREZO MÁXIMO DO ALUGUEIRO</b> (euros por mes)	<b>INGRESOS MÁXIMOS DOS</b> <b>BENEFICIARIOS (veces o Iprem)</b>
400	Ata 1,5
550	Máis 1,5 ata 2,5
600	Máis de 2,5 ata 3,5

**Condicións dos beneficiarios**

Para acceder aos beneficios do Programa Aluga os solicitantes deberán cumprir, entre outros, os seguintes requisitos:

- Ingresos anuais ponderados entre 0,7 e 3,5 veces o Iprem. O límite mínimo de ingresos (0,7 veces o Iprem) non será preciso acreditarlo no caso de colectivos cualificados, que se definen máis adiante.
- Estar inscritos ou anotados no Rexistro Único de Demandantes de Vivenda (Sección 4ª, "Demandantes de vivenda en réxime de arrendamento incorporada ao Programa Aluga")
- Non ser titulares de pleno dominio ou dun dereito real de uso ou disfrute sobre algunha vivenda
- Estar ao día na súas obrigas tributarias
- Residir ou desenvolver a súa actividade laboral nun municipio da Comunidade Autónoma de Galicia
- Non estar recibindo axudas para o aluguer da Xunta de Galicia. Non poderán acceder ás axudas do Programa Aluga os que xa recibisen axudas para o aluguer durante cinco anos, excepto cando xa transcorresen dous anos dende a última mensualidade subvencionada.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

No proceso de selección de inquilinos para as vivendas incorporadas ao Programa Aluga terán preferencia as unidades familiares ou de convivencia con ingresos que non superen 2,5 veces o Iprem e os colectivos definidos como prioritarios e os cualificados, que son os seguintes:

Os **colectivos prioritarios**, dentro dos distintos tramos de ingresos, son os seguintes:

- Menores de 35 anos e maiores de 65
- Familias numerosas.
- Familias monoparentais con fillos.
- Persoas separadas ou divorciadas, ao día no pagamento de pensións alimenticias e compensatorias, cando sexa o caso.
- Os considerados “colectivos cualificados” que se definen a seguir:

Os **colectivos cualificados** son as unidades familiares ou de convivencia con ingresos anuais ponderados inferiores a 0,7 veces o IPREM que pertencen a algún dos seguintes grupos:

- Mulleres vítimas de violencia de xénero.
- Persoas dependentes ou con discapacidade oficialmente recoñecida, e as familias que as teñan ao seu cargo.
- Emigrantes retornados, nos dous anos anteriores á presentación da solicitude.
- Perceptores da renda de integración social (RISGA).
- Perceptores de pensións.

**Axudas a inquilinos**

A porcentaxe de subvención ao aluguer vai desde o 30% ata o 70%, mentres no antigo programa de vivenda ao aluguer a subvención máxima era do 60 por cento.

A contía da axuda fíxase en atención a porcentaxes máximas sobre a renda mensual do aluguer, segundo tramos de ingresos e colectivos:

<b>TRAMOS</b>	<b>COLECTIVOS XERAIS</b>
Ata 1 IPREM	70%
Desde 1 ata 2 IPREM	60%
Desde 2 ata 2,5 IPREM	50%
Desde 2,5 ata 3,5 IPREM	30%

No caso de mulleres vítimas de violencia de xénero a subvención incrementase en 10 puntos porcentuais, de maneira que irán do 40 ao 80 por cento.

A axuda concédese por un período de doce meses e poderá solicitarse ata un máximo de cinco anualidades.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Propietarios**

Os propietarios de vivendas postas á disposición do Programa de Aluguer poderán beneficiarse de axudas para rehabilitalas, do seguro multirrisco contratado polo IGVS e das axudas para os gastos derivados do aluguer.

**Condicións das vivendas**

Poderán incorporarse ao Programa Aluga as vivendas libres, desocupadas, que reúnan condicións de habitabilidade e estean emprazadas en concellos con demanda real de vivenda en aluguer. Os seus propietarios poderán ser tanto persoas físicas como xurídicas.

As vivendas poñeranse á disposición do Programa Aluga por solicitude dos seus propietarios e por un prazo mínimo de cinco anos.

**Axudas aos propietarios de vivendas**

O programa Aluga contempla dous tipos de axuda dirixidas aos propietarios:

- Subvención de obras e actuacións de reforma na vivenda, establecéndose un límite máximo segundo a antigüidade da vivenda.

Estas axudas van destinadas exclusivamente a persoas físicas que poñen as vivendas á disposición do Programa Aluga e permitirán subvencionar ata o 75 por cento do custo das reformas, cun límite de subvención de 3.000 euros para vivendas de menos de 10 anos de antigüidade e 5.000 euros para as que teñan dez ou máis anos.

As axudas do Programa Aluga son compatibles coas axudas Renove para a rehabilitación de vivendas establecidas no Plan de Vivenda 2009-2012, podendo chegar en conxunto ata un máximo 9.500 euros para vivendas de menos de dez anos e 11.500 para o resto.

Non serán obxecto de subvención as pequenas reparacións ou reposicións que requira unha vivenda para o seu arrendamento, entendendo por tales aquelas cuxo orzamento total estimado non exceda 300 euros.

- Subvención de gastos derivados do aluguer, en contía equivalente de ata o 50% do importe do recibo do imposto de bens inmobles (IBI) da última anualidade vencida, co límite de 100 euros por vivenda. Esta axuda non se contemplaba nos anteriores programas de aluguer.

Finalmente, suprímense os gastos de xestión previstos no anterior programa, que obrigaba os propietarios a pagaren por este concepto entre o 2 e o 4 por cento da renda, mantense por conta do IGVS o seguro multirrisco e de asistencia xurídica e serán por conta dos propietarios das vivendas os seguros de falta de pagamento de rendas.



## JESÚS OITAVÉN BARCALA SUBSTITÚE NO POSTO DE SECRETARIO XERAL DE EDUCACIÓN A JOSÉ LUIS VÁZQUEZ FERNÁNDEZ

- *O ata o de agora titular deste departamento foi cesado por petición propia despois de decidir deixar a política por motivos familiares e volver á docencia*

A Consellería de Educación e Ordenación Universitaria terá desde hoxe a Jesús Oitavén Barcala como Secretario Xeral, sucedendo no cargo a José Luis Vázquez Fernández que, por petición propia despois de decidir deixar a política por motivos familiares e volver á docencia, foi cesado hoxe do seu cargo na Administración autonómica, tras máis dun ano de traballo e dedicación.

O novo secretario xeral, nado en Cotobade (Pontevedra) é licenciado en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e é funcionario do Corpo Superior de Administración da Xunta de Galicia, co diploma de directivo.

Ata o de agora estaba a desenvolver a súa actividade laboral como Auditor no Consello de Contas de Galicia, posto que ocupaba desde 2006, pasando previamente polas áreas Institucional e do SERGAS.

Ao longo da súa vida profesional estivo a traballar no Instituto Galego de Vivenda e Solo, onde foi director técnico de Supervisión e Asesoramento (1999-2005) e xefe da área de fiscalización (1994-1999). Comezou a súa carreira administrativa en 1993 como xefe de sección de Fiscalización no IGVS, e posteriormente como xefe de xestión económica e control orzamentario na Consellería de Familia; Muller e Xuventude.

## **A XUNTA ASINARÁ UN CONVENIO CON RED.ES PARA EQUIPAR AS AULAS DE PRIMARIA E SECUNDARIA CON ENCERADOS DIXITAIS**

- *O Consello autorizou hoxe a subscrición dun acordo entre a Consellería de Educación, a Secretaría Xeral de Modernización e Red.es por un valor de 1,3M*
- *O acordo complementará as actuacións que a Administración está a realizar no marco do proxecto ABALAR para integrar as TIC no ámbito educativo*

O Consello da Xunta deu hoxe o visto e prace a un convenio de colaboración entre a Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica e a entidade pública Red.es por un valor de ata 1,3 millóns de euros para a adquisición de encerados dixitais interactivos, videoproxectores e caixas de conexións destinados aos centros educativos de primaria e secundaria da Comunidade. A subscrición deste acordo complementa as accións do Proxecto Abalar, que aglutina a estratexia da Xunta para a integración plena das TIC na práctica educativa en Galicia.

O obxecto do convenio aprobado hoxe é estender e consolidar o uso das tecnoloxías da información e a comunicación nos centros educativos de primaria e secundaria obrigatoria de Galicia sostidos con fondos públicos mediante actuacións para a posta en marcha de aulas dixitais. Así mesmo, o convenio contempla a realización de actuacións de difusión e capacitación asociadas aos proxectos comprendidos nel.

O acordo permitirá complementar as actuacións que a Xunta de Galicia está a desenvolver a través da iniciativa proxecto ABALAR para integrar as TIC nos colexios e institutos, ao tempo que posibilitará a realización de actuacións coordinadas para axudar a acadar os obxectivos enunciados no Plan Avanza 2.

### **Abalar**

Arredor de 14.500 alumnos e alumnas de educación primaria e secundaria obrigatoria poderán mellorar as súas competencias dixitais desde o curso 2010/2011 grazas á implantación nos centros educativos galegos do Proxecto ABALAR, que busca ademais a participación activa de todos os membros da comunidade educativa, incluídas as familias.

O proxecto, que estenderá a súa actuación ata 2013, dotará xa neste primeiro ano de equipamentos e dispositivos informáticos máis de 700 aulas, distribuídas en máis de 200 instalacións educativas de Galicia. Ao longo desta lexislatura, ABALAR aspira a achegar as TIC a máis de 1000 centros educativos e 87.000 alumnos. O obxectivo que se persegue é o cambio do modelo educativo galego, mellorando a súa eficiencia, eficacia e modernización.

A conversión de colexios e institutos en Centros Educativos Dixitais exige a adopción e integración das TIC en todos os ámbitos do proceso educativo, a través do fomento da

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Cultura Dixital, e coa implicación das familias e de toda a comunidade educativa. Para favorecer esta participación, o proxecto disporá dun portal web propio, 'espazoABALAR', que será o referente dos servizos educativos en Galicia para toda a comunidade –profesorado, alumnado, familias, ANPAS....-.

## **A XUNTA APROBA AXUDAS DE ATA 38,9 MILLÓNS DE EUROS PARA DESENVOLVER DÚAS DAS INFRAESTRUTURAS PREVISTAS NO PLAN DE BANDA LARGA 2010-2013**

- *Subvencionarase a extensión de redes troncais de alta velocidade en núcleos de máis de 100 habitantes sen servizo de banda larga*
- *As achegas permitirán despregar redes de nova xeración en poboacións cunha importante demanda de acceso a esta prestación*
- *Máis de 1.100.000 galegos beneficiaranse da implantación destas novas infraestruturas de telecomunicación no 2013*

O Consello da Xunta aprobou esta mañá dúas ordes de axuda, en réxime de concorrencia competitiva, para a extensión de novas redes de telecomunicacións na Comunidade, que permitirán o desenvolvemento de dous tipos de infraestruturas recollido na primeira liña estratéxica do Plan de Banda Larga de Galicia 2010-2013, que continuará co despregamento de actuacións que faciliten este despregamento e con accións de fomento e incentivación da demanda das novas tecnoloxías.

Deste xeito o Goberno galego, a través da Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, financiará con ata 10.895.000 euros a implantación de redes troncais de alta capacidade en núcleos de máis de 100 habitantes nos cales non presta servizo ningún operador. Así mesmo, achegará ata un máximo de 28.000.000 euros para a extensión de redes de nova xeración en poboacións en que se pode constituír unha importante demanda de acceso a este tipo de servizos.

### **Redes de alta capacidade**

Co obxectivo de garantir o acceso á banda larga de calidade nos núcleos de máis de 100 habitantes dentro das zonas carentes deste servizo (zonas brancas), a Xunta de Galicia destinará un importe máximo de 10.895.000 euros á axudas para o despregamento de redes primarias de alta capacidade. Estas achegas, cofinanciadas nun 80% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER), realizaranse co compromiso de despregamento e comercialización dunha rede de acceso de banda larga neses núcleos antes do ano 2013.

Adicionalmente, seguindo as indicacións que a CMT vén establecendo, a rede de transporte creada poderá ser compartida con outros operadores, para o cal se exixirá para o seu despregamento, unha capacidade mínima de transporte dispoñible condicionada á solicitude de acceso por outros operadores e a creación de puntos de interconexión nas catro provincias.

Estímase que no período 2010-2012 se vexan beneficiados ao redor de 100.000 habitantes, que disporán de redes de transporte de alta capacidade capaces de habilitar redes de acceso á Internet mediante banda larga de calidade.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Redes de nova xeración**

Para incentivar o desenvolvemento das redes de nova xeración (NGA´s) no territorio de Galicia, a Xunta achegará 28.000.000 de euros co fin de acelerar o seu despregamento e situar a Galicia nunha posición punteira na implantación deste tipo de redes que permiten fornecer servizos innovadores, mellorar a calidade ofrecida ao cliente e adaptarse máis rapidamente ás novas Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).

En concreto, preténdese impulsar o despregamento de redes de nova xeración durante o transcurso dos próximos catro anos, en núcleos do territorio galego en que se pode crear unha importante demanda de acceso a este tipo de servizos.

A estimación prevista é que no 2013 máis de 1 millón de habitantes se beneficien das redes de nova xeración, que permitirán velocidades de servizo de 100 Mbps posibilitando, así, o acceso a novos e máis avanzados servizos da sociedade da información.

Ambas as dúas convocatorias forman parte do plan global para permitir situar Galicia nun núcleo avanzado da sociedade da información, garantindo o despregamento de redes de servizo de banda larga de calidade nas zonas que actualmente máis o precisan así como fomentando a competencia da oferta de servizo, con claros beneficios en custos, calidade e servizos para os usuarios finais.

## **XUNTA E CETMAR COLABORARÁN NUN PROXECTO PESQUEIRO E ACUICULA EN CENTROAMÉRICA**

O Consello da Xunta autorizou hoxe na súa xuntanza semanal a sinatura dun convenio de colaboración entre a Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Centro Tecnolóxico do Mar (Fundación CETMAR), para a execución do proxecto "Programa integral para o desenvolvemento profesional e produtivo da pesca de pequena escala e acuicultura rural en Centroamérica".

O programa ten un orzamento de 250.000 euros e un compromiso de carácter plurianual, de tal xeito que durante o ano 2010 se fará unha achega de 100.000 euros, e no ano 2011 será de 150.000 euros.

O obxecto deste convenio vén constituído pola necesidade de contribuír ao desenvolvemento social e económico sustentable e a seguranza alimentaria desta rexión centroamericana a través da profesionalización dos recursos humanos vinculados ao sector de pesca e a acuicultura de pequena escala. Con miras ao cumprimento deste obxectivo, están previstas a realización de diversas actividades, tales como reunións técnicas e de traballo, programas de formación profesional e ocupacional, execución de escolas e unha rede de centros de formación, entre outras.

A Xunta entende como moi positiva a actuación descrita e consonte cos seus obxectivos de cooperación exterior e considera axeitado e conveniente contribuír ao fomento e desenvolvemento da pesca e da acuicultura nos países centroamericanos co obxecto de promover un desenvolvemento social e económico nestas zonas.

A política de actuación da Xunta en materia de cooperación ao desenvolvemento enmárcase na Lei 3/2003, de cooperación para o desenvolvemento, que establece como ámbitos de actuación preferentes da cooperación galega o apoio aos países con menor grao de desenvolvemento, en especial, daqueles que teñan parte da súa sociedade en extrema situación de necesidade.

Os obxectivos son potenciar os recursos humanos e materiais deses pobos e atender a situacións de emerxencia nas poboacións máis desfavorecidas. O II Plan Director 2010-2013 aprobado pola Xunta en abril deste ano considera Guatemala, O Salvador, Honduras e Nicaragua coma países prioritarios para a cooperación galega

O Goberno autonómico vén apoiando dende o ano 2004 actuacións en materia de cooperación pesqueira en Centroamérica, sempre da man da Axencia Española de Cooperación Internacional para o Desenvolvemento (AECID), e en colaboración coa Consellería do Mar.

Para facilitar o seguimento e cumprimento do convenio, constituirase unha comisión mixta, integrada por un representante da Consellería de Presidencia, Administracións



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Públicas e Xustiza designado pola dirección xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea, e un representante do CETMAR.

A fundación CETMAR ten como obxecto fundacional nos seus estatutos o fomento e a execución de todas aquelas accións necesarias para a conservación e o aproveitamento responsable do medio mariño e dos seus recursos, incluíndo as actividades de formación, investigación científica, desenvolvemento e innovación tecnolóxica.

Recolle como finalidades, entre outras, a realización de accións executivas concretas fronte a demandas puntuais (análise, informes, asesoramento, axudas nas propostas e realización de actividades de investigación e desenvolvemento tecnolóxico, transferencia de tecnoloxía, formación e programas de cooperación nacional e internacional

## A XUNTA LEVARÁ ANTE O CONSTITUCIONAL AS SUBVENCIONS PÚBLICAS ESTATAIS PARA A EXECUCION DE PLANS DE FORMACIÓN

- *O pasado 8 de abril o Consello da Xunta xa formulou un requirimento de incompetencia por considerar que a execución da lexislación estatal na materia referida corresponde á Comunidade Autónoma*

O Consello da Xunta deu o visto e praxe esta mañá á proposta da Comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas para a interposición dun conflito positivo de competencias ante o Tribunal Constitucional respecto dunha convocatoria estatal de axudas para a execución de plans de formación. En concreto, trátase da Resolución do 1 de febreiro de 2010, do Servizo Público de Emprego Estatal, pola que se convoca a concesión de subvencións públicas para a para a execución de plans de formación mediante convenios, de ámbito estatal, dirixidos prioritariamente aos traballadores ocupados.

O pasado 8 de abril o Consello da Xunta xa formulou un requirimento de incompetencia ao Estado para que proceda á anulación da resolución citada, por considerala inconstitucional. O goberno galego argumentou que estamos de novo ante o poder de gasto do Estado ou “spending power” e que segundo a doutrina do Tribunal Constitucional (Sentenza 13/1992) non existe unha competencia específica derivada do poder de gasto; senón que esta competencia se exercerá “dentro” e non “á marxe” da distribución de competencias constitucional e estatutariamente establecida.

Neste sentido, o título competencial aplicable é o recollido no artigo 149.1.7 da Constitución, polo que corresponde ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación laboral. Non entanto, o Estatuto de autonomía recolle que, pola súa banda, a Comunidade Autónoma galega ten a competencia para a execución da lexislación do Estado en materia “laboral, asumindo facultades, competencias e servizos que neste ámbito e no nivel de execución, ten actualmente o Estado con respecto ás relacións laborais, sen prexuízo da alta inspección deste”.

Tendo en conta ambos os aspectos, podemos concluír que nos atopamos ante o apartado c) do fundamento xurídico 8 da Sentenza 13/1992, relativa ao poder de gasto, segundo o cal o Estado debe fixar o destino de condicións das axudas, mesmo estendéndose polo miúdo pero deixando a xestión ás comunidades autónomas; todo isto, previa territorialización dos fondos.

Ademais, para o Goberno galego a “supraterritorialidade” non constitúe ningún título atributivo de competencias nin despraza a competencia cara o Estado, senón que nestes casos o problema se resolve a través das técnicas de cooperación e coordinación; tal e como recolle a Sentenza 194/2004.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Con posterioridade a este requirimento, o Consello de Ministros do 7 de maio de 2010 contestou á Xunta sen que se dea resposta positiva a ningún dos pedimentos nel contidos. O Goberno galego considera que da resposta tampouco se deduce ningún argumento xurídico válido que rebata os establecidos no requirimento de incompetencia acordado polo Consello da Xunta.

Así, de conformidade co informe da Asesoría Xurídica Xeral da Xunta de Galicia, e logo da aprobación da Dirección Xeral de Relacións Institucións e Parlamentarias, así como da Secretaría Xeral da Consellería de Traballo e Benestar; a comisión de seguimento de disposicións normativas do Estado e doutras comunidades autónomas considerou oportuno continuar co procedemento de conflitividade constitucional e que sexa o Tribunal Constitucional, como intérprete supremo da Constitución, o que resolva a controversia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA CONTRATA O SERVIZO DE EXPLOTACIÓN OPERATIVA DO 112 QUE PERMITIRÁ ASISTIR AS EMERXENCIAS GALEGAS OS VINDEIROS DOUS ANOS**

- ***A contratación, cun orzamento de 5,1 millóns de euros, pretende dar resposta a esta demanda social cos máis altos estándares de calidade, eficacia e eficiencia***

O Consello da Xunta de hoxe aprobou a contratación do servizo de explotación operativa do número único de emerxencias 112 no Centro de Atención ás Emerxencias de Galicia. Este servizo, mediante atención telefónica por persoal especializado, préstase co obxectivo de asistir os cidadáns ante calquera situación de urxencia ou emerxencia. A súa contratación actual é para o período de xuño de 2010 a xuño de 2012 e conta cun orzamento de 5,1 millóns de euros.

Na Comunidade Autónoma de Galicia o número único 112 vén realizando o asistencia dos cidadáns en situacións de emerxencia desde o ano 1998, de xeito ininterrompido, as 24 horas do día os 365 días do ano. A evolución durante estes anos, dunha banda polo incremento do número de chamadas que se reciben no CAE 112 Galicia, así como o aumento do número de intervencións que se xestionan neste centro, fan necesario dispor dunha estrutura axeitada e especializada que permita dar cumprida resposta ao servizo social que a cidadanía de Galicia demanda cos máis altos estándares de calidade, eficacia e eficiencia.

A vixente Lei de Emerxencias de Galicia atribúe á Axencia Galega de Emerxencias (AXEGA) a xestión do CAE 112 Galicia, prestando materialmente a asistencia requirida a través del ou dando traslado, segundo se estableza regulamentariamente, aos organismos a que lles corresponda atender a dita emerxencia.

Neste sentido, dada a grande especialización do servizo, a Administración autonómica non conta con recursos humanos necesarios e suficientes, en termos de formación e experiencia, polo que ten que proceder á contratación deste servizo.

## **A XUNTA ACHEGA 3,2 MILLÓNS DE EUROS AO CONCELLO DE SANTIAGO POLO ESTATUTO DE CAPITALIDADE**

- *Cumpre así o seu compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos necesarios derivados da súa condición de capital de Galicia e sede das súas institucións*

O apoio económico da Xunta de Galicia ao Concello de Santiago de Compostela para facer fronte aos gastos derivados da súa condición de capital da Comunidade Autónoma galega ascende a 3,18 millóns de euros para o ano 2010.

A Administración galega cumpre, así, o seu compromiso de contribuír ao sostemento dos servizos necesarios derivados da condición de capitalidade de Galicia e sede das súas institucións que ten atribuídas a cidade.

O Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia –a través da Consellería de Facenda- e o devandito concello para financiar o Estatuto de Capitalidade de Santiago de Compostela.

O pagamento desta contía realizarase de xeito fraccionado, de maneira que o primeiro aboamento correspondente a unha terceira parte do total, se transferirá antes de finalizar o 15 de xuño; o segundo antes de que remate o mes de setembro e o último deberá efectuarse antes do día 15 de decembro do vixente ano.

### **Estatuto de capitalidade**

O 24 de xullo de 2002 publicouse no Diario Oficial de Galicia a Lei 4/2002, do 25 de xuño, do Estatuto da capitalidade de Santiago de Compostela, co obxecto de regular o estatuto especial desta cidade como sede das institucións autonómicas e polo seu recoñecemento como capital da Comunidade Autónoma de Galicia. Establécense así os mecanismos axeitados para o tratamento xurídico-administrativo e financeiro da capitalidade desta cidade.

A fixación de Santiago como sede das institucións autonómicas supuxo un fito que engadiu á xa tradicional dinámica da cidade a necesidade de afrontar novos retos, particularmente en relación coa prestación de servizos públicos, así como na implantación de dotacións e equipamentos, determinados directamente pola presenza das institucións autonómicas no termo municipal.

Esta lei establece unha previsión de financiamento específico nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma, co que se pretende contribuír ao financiamento dos servizos e gastos do concello motivados por este estatuto de capitalidade e por ser a sede das institucións galegas.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA MODERNIZA E RACIONALIZA A ADMINISTRACIÓN CON 15 PRAZAS DE INFORMÁTICOS QUE NON SUPORÁN UN MAIOR GASTO DE PERSOAL**

- *Estarán adscritas á Secretaría Xeral de Modernización e a reestruturación suporá a amortización de 26 prazas de menor escala*
- *Non provoca incremento dos gastos de persoal da Administración posto que non son prazas de nova creación senón froito dunha reasignación de efectivos*
- *Este plan de racionalización aprobado polo Consello da Xunta contribuirá a dar un paso máis cara a unha administración máis áxil, moderna e próxima aos cidadáns*

A Xunta de Galicia moderniza e racionaliza a Administración autonómica coa creación de 15 prazas de técnico superior de informática, que estarán adscritas á Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica, e que se farán efectivas a través da amortización de 26 prazas de menor escala.

Esta reestruturación non provoca un incremento dos gastos de persoal da Administración posto que non se trata de postos de nova creación, senón que son froito dun proceso de reasignación de efectivos que permitirá a creación de prazas para técnicos especialistas a fin de dar un pulo importante á innovación e ás novas tecnoloxías.

O Consello da Xunta aprobou hoxe –a través da Dirección Xeral de Función Pública dependente da Consellería de Facenda- o Plan de Racionalización que permitirá paliar o déficit histórico que existe neste eido de desempeño profesional e dar un paso máis cara a unha administración máis áxil, moderna e próxima aos cidadáns.

Trátase de crear os perfís axeitados para a execución dos seus obxectivos, dotar esta área de prazas de persoal propio para o exercicio dos labores de dirección e xestión de proxectos tecnolóxicos, tanto no ámbito de proxectos transversais como tamén para o reforzo das diferentes iniciativas sectoriais que se están a pór en marcha.

Neste contexto, hai que destacar que a planificación de recursos humanos nas administracións públicas ten como finalidade contribuír á consecución da eficacia na prestación dos servizos; e da eficiencia na utilización dos recursos económicos dispoñibles.

Para isto, cómpre levar a cabo a dimensión axeitada de seus efectivos, a súa mellor distribución, formación, promoción profesional e mobilidade, tendo como premisas os criterios de máxima eficacia, austeridade e economía na organización administrativa.



## **MEDIO AMBIENTE FINANCIA A REPARACIÓN DA ESTRADA QUE UNE CACHAFEIRO E VILAPOUCA, EN FORCAREI, CUNHA ACHEGA DE 600.000 EUROS**

- *O proxecto ten por obxecto arranxar a ponte de dita estrada entre os puntos quilométricos 0+140 e 0+320, debido ao deterioros que causou unha inundación do río Ventoso e o colapso da drenaxe existente*
- *Posteriormente, contéplase o cambio de titularidade da estrada de referencia a prol da Xunta de Galicia, que acometerá, unha vez efectuada a transferencia, un proxecto de optimización e reforma de toda a vía*

O Consello da Xunta autorizou hoxe un acordo polo que se aproba a colaboración técnica financeira da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas e a Deputación Provincial de Pontevedra para levar a cabo obras de reparación na estrada que une as localidades de Cachafeiro e Vilapouca, en Forcarei. O Goberno galego, a través da Dirección Xeral de Infraestruturas, realiza unha achega económica de 600.000 euros para a execución destas actuacións de mellora.

O proxecto ten por obxecto a reparación da ponte de dita estrada entre os puntos quilométricos 0+140 e 0+320, debido ao deterioros que causou unha inundación do río Ventoso e o colapso da drenaxe existente.

### **Transferencia e mellora da estrada**

Posteriormente, contéplase o cambio de titularidade da estrada de referencia a prol da Xunta de Galicia, que acometerá, unha vez efectuada a transferencia, un proxecto de optimización e reforma de todo o vial.

Este proxecto prevé a mellora do trazado, levando a cabo o alargamento da calzada existente ata os 7 metros e, nos treitos urbanos, producirase a renovación das beirarrúas e construíranse algunhas novas. Concretamente, no treito de estrada que pasa polo núcleo de Vilar levarase a cabo a variante de Vilar, cunha lonxitude de 700 metros; e o acondicionamento da travesía actual de Vilar, que mide uns 820 metros.

A Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas establece como unha das súas maiores prioridades a mellora da seguranza viaria, de forma que se proporcionen aos usuarios unhas condicións de condución cómodas e seguras. Con estas accións, preténdese facilitar o acceso aos distintos equipamentos na procura e no fomento dun desenvolvemento económico e social dos municipios galegos.


### **Obrigas**

Por unha parte, a Xunta de Galicia comprométese a financiar as obras e unha vez executadas, o Goberno galego encargárase das actividades de xestión, mantemento, conservación e explotación da vía.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta

Por outra parte, a Deputación Provincial de Pontevedra obrígase a elaborar e aprobar o documento técnico ou constatar a previa dispoñibilidade dos terreos. Tamén deberán xestionar as licenzas e autorizacións necesarias para a execución das actuacións.

Finalmente, constituirase unha comisión de seguimento integrada por un representante de ambas as partes. As súas funcións son impulsar e avaliar o cumprimento dos traballos contemplados no proxecto. Ademais, propoñerá a interpretación de contidos do presente convenio, en caso de dúbida.





## A XUNTA DE GALICIA INVESTIRÁ MÁIS DE 9,3 MILLÓNS DE EUROS NUNHA NOVA CARTOGRAFÍA DE GALICIA, QUE NON SE ACTUALIZADA DENDE O ANO 2000

- *A cartografía será pioneira en utilizar a tecnoloxía LIDAR, que permitirá elaborar un modelo dixital do terreo estudado*
- *A nova cartografía será a base da información xeográfica e territorial para traballar de xeito coordinado e solidario cos concellos, axentes e cidadáns por unha xestión máis eficiente do territorio*
- *Esta iniciativa supón unha aposta do actual goberno galego pola accesibilidade e a transparencia xa iniciada co Plan de Ordenación do Litoral, e unha nova maneira de xestionar a información territorial na nosa comunidade*
- *O modelo para a elaboración será seguindo a escala 1:5.000 que estipula a base topográfica harmonizada (BTH) que vén determinada dentro do Sistema Cartográfico de Galicia*
- *Este proxecto constitúe unha base fundamental para a xestión e o seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral*

O Consello da Xunta aprobou na súa reunión de hoxe a contratación por parte da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas do proxecto dunha nova cartografía de Galicia por máis de 9,3 millóns de euros. A cartografía elaborada será pioneira en utilizar a tecnoloxía LIDAR, que permitirá elaborar un modelo dixital do terreo estudado.

A nova cartografía será a base da información xeográfica e territorial para traballar de xeito coordinado e solidario cos concellos, axentes e cidadáns por unha xestión mais eficiente do territorio. Esta iniciativa supón unha aposta do actual goberno galego pola accesibilidade e a transparencia xa iniciada co Plan de Ordenación do Litoral, e unha nova maneira de xestionar a información territorial na nosa comunidade.

O modelo para a elaboración basearase en fotografías a escala 1:5.000 que estipula a base topográfica harmonizada (BTH) que vén determinada dentro do Sistema Cartográfico de Galicia. Ademais, este sistema é promovido pola Comisión Especializada de Normas Geográficas do Consello Superior Xeográfico en España. Esta medida permite harmonizar as escalas dos traballos en todas as comunidades autónomas para, así, obter un modelo de datos cartográficos intercambiáveis.

A razón deste contrato fundaméntase na necesidade de contar cun coñecemento exhaustivo da nosa estrutura territorial para poder actuar no desenvolvemento de estratexias de planificación e ordenación territorial. Este traballo constitúe unha base fundamental para a xestión e o seguimento das Directrices de Ordenación do Territorio e do Plan de Ordenación do Litoral xa que permitirá facer análises da características do terreo de forma máis precisa.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O proxecto cartográfico realizarase en tres lotes que comprenderán áreas específicas en Galicia. En total, serán máis de 2,5 millóns de hectáreas de territorio as que se visualizarán nos traballos cartográficos, que comezarán este mesmo ano 2010.

**Características técnicas do traballo cartográfico**

Para a actualización da cartografía realizada segundo a BTA de Galicia 1:5.000 empregaranse varias fontes de información: voos fotogramétricos para a restitución dos anteriores, datos LIDAR, unha base de indicacións xeodésicas e outra de datos toponímicos. A dirección técnica da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas entregará os marcos de folia e a nomenclatura a realizar en cada un dos bloques á empresa adxudicataria do contrato.

Cómpre sinalar que o contratista deberá ceder á Administración todos os dereitos de propiedade intelectual, así como os de propiedade industrial.

## ECONOMÍA E INDUSTRIA PRORROGA UN AVAL DE 2,24 MILLÓNS DE EUROS AO GRUPO TÁMEGA PARA COMPLETAR O DESENVOLVEMENTO DO SEU PLAN DE VIABILIDADE

- *A empresa poderá incrementar, así, o período de carencia para a amortización do principal do préstamo avalado polo Igape*
- *O Grupo Támega, especializado en transporte de mercadorías, emprega 140 traballadores*
- *A liña de avais do Igape é un instrumento do Goberno da Xunta habilitado para que as empresas galegas viables poidan consolidar a súa actividade e manter o emprego, dúas prioridades do Goberno galego*

O Consello da Xunta acordou autorizar a Consellería de Economía e Industria a concesión dunha prórroga de dous anos na vixencia do aval financeiro polo importe de 2,24 millóns de euros concedido polo Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) en 2008 ao Grupo Támega, S.L., para que poida completar o desenvolvemento do plan de viabilidade que está a impulsar esta sociedade, que emprega na actualidade a 140 traballadores.

Coa prórroga a empresa poderá incrementar o período de carencia do préstamo bancario de 3,2 millóns de euros avalado polo Igape e destinado á reestruturación de pasivos. Esta operación permitirá á empresa aprazar dous anos máis o período de carencia na amortización do principal, o que lle facilitará o acceso ao financiamento adicional para circulante, para pagamento de provedores e obtención de liñas de *confirming*.

O Grupo Támega xurdiu da fusión de varias empresas familiares de transporte de mercadorías con base no norte de Lugo, e constitúe na actualidade unha das principais empresas galegas do sector, tanto polo seu número de vehículos como pola súa oferta de rutas por toda a zona norte de España.

Coa prórroga do aval concedido polo Igape, a empresa obtén máis facilidades para a devolución do préstamo avalado, ao incluír a operación un prazo adicional de dous anos de carencia para a amortización do principal. Deste xeito, e mediante a consecución de financiamento adicional, o Grupo Támega poderá concluír o desenvolvemento do seu plan de viabilidade para consolidar a continuidade da empresa e o mantemento do cadro de persoal.

Neste sentido, cómpre sinalar que, xunto cos programas re-Brote e re-Solve, a liña de avais do Igape é un instrumento habilitado polo Goberno da Xunta para que as empresas galegas viables poidan obter financiamento e cubrir as súas necesidades de circulante ou para refinar os seus pasivos a curto prazo. O obxectivo é consolidar a actividade empresarial e manter o emprego, que son dúas prioridades do Goberno galego.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

O programa financeiro da Consellería de Economía e Industria está orientado, en gran medida, a facilitar apoios á viabilidade e a continuidade das empresas mediante instrumentos tan específicos como os avais, destinados a compartir riscos cos empresarios e facilitar o financiamento para reestruturar pasivos, ou para circulante.



## ECONOMÍA E INDUSTRIA DOTA CON 8 MILLÓNS O PROGRAMA DE AXUDAS PARA O SOTERRAMENTO DE INFRAESTRUTURAS ELÉCTRICAS NOS CONCELLOS GALEGOS

- *O departamento que dirixe Javier Guerra aplica a fórmula do prefinanciamento á orde de axudas para que os proxectos poidan recibir adiantos de ata o 80% da subvención concedida*
- *Os adiantos poderán ser aplicados sen necesidade de presentar garantías*
- *As subvencións desta orde outorgaranse establecendo como criterios de valoración o tipo de actuación, a tensión da liña, a proximidade a centros de interese social, o tipo de solo ou o número de habitantes dos concellos*

O Consello da Xunta de Galicia vén de autorizar o proxecto de acordo polo que a Consellería de Economía e Industria dota o programa de axudas destinado a apoiar o soterramento de infraestruturas eléctricas en Galicia con 8 millóns de euros, unha orde en que se inclúe, por primeira vez, o pagamento de anticipos de ata o 80% das subvencións concedidas, sen exixencia de garantías.

A inclusión da fórmula do prefinanciamento nesta orde de convocatoria de axudas ten como finalidade facer máis eficaz a aplicación das subvencións destinadas ao soterramento das infraestruturas eléctricas nos concellos, tendo en conta que as necesidades das entidades locais precisan dunha especial atención na actual conxuntura económica.

As subvencións desta orde outorgaranse en réxime de concorrencia competitiva, establecendo como criterios de valoración o tipo de actuación, a tensión da liña, a proximidade a centros de interese social, o tipo de chan ou o número de habitantes dos concellos.

Co impulso deste tipo de proxectos, a Consellería de Economía e Industria quere fomentar a eliminación do impacto paisaxístico, a mellora das características técnicas das infraestruturas eléctricas e da calidade da subministración eléctrica, para contribuír así ao desenvolvemento rexional da Comunidade Autónoma.

Esta orde, que xestiona a Dirección Xeral de Industria, Enerxía e Minas, esta incluída dentro da estratexia do Goberno galego para a mellora das infraestruturas eléctricas de Galicia; o que implica fundamentalmente un incremento da calidade na subministración da enerxía a nivel autonómico, conxugada coa necesaria preservación do ambiente. Por considerar estas dúas necesidades, dos usuarios e dos concellos, beneficios protexibles pola administración autonómica.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**CULTURA E TURISMO ASINARÁ UN CONVENIO DE COLABORACIÓN CON CASA ASIA PARA A ORGANIZACIÓN CONXUNTA DE ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN E DIFUSIÓN CULTURAL**

- *O acordo terá como finalidade a promoción da cultura galega no exterior, a difusión da cultura de países de Asia e do Pacífico en Galicia así como impulsar as relacións no ámbito cultural durante os exercicios 2010 e 2011*
- *A Consellería de Cultura e Turismo realizará unha achega de 150.000 euros para a realización da mostra "Beijing Time. A hora de China" neste ano 2010 e para a promoción das actividades de Casa Asia durante 2011*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a subscrición dun convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo, a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo e Casa Asia para a organización conxunta de actividades de promoción e difusión cultural durante os exercicios 2010 e 2011. A finalidade deste acordo é a promoción da cultura galega no exterior, da cultura de países de Asia e do Pacífico en Galicia e dar un impulso as relacións no ámbito cultural. A Consellería de Cultura e Turismo achegará á institución 60.000 euros para a realización das actividades acordadas en 2011 e a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo apoiará a Casa Asia con 90.000 euros para a realización da mostra *Beijing Time. A hora de China* neste ano 2010. O convenio terá vixencia ata o 31 de decembro de 2011.

O programa de actividades entre o Goberno Autonómico e Casa Asia para 2010 contará cunha exposición de arte de vangarda chinesa titulada *Beijing Time. A hora de China*, no marco das celebracións do Xacobeo 2010; o deseño e mantemento por Casa Asia dun *microsite* específico sobre Galicia con noticias sobre Asia e Galicia no cal se incluírá unha ligazón coa páxina web do Xacobeo 2010 e a creación pola Consellería de Cultura e Turismo dun Punto de Información das actividades da Xunta de Galicia e Casa Asia que concentrará, asemade, a subscrición aos boletíns dixitais de Casa Asia.

Casa Asia incluírá o logo da Xunta de Galicia e do Xacobeo 2010 en todos os seus canais habituais de difusión e no vídeo promocional realizado *ad hoc* para a Expo Shanghai 2010. Do mesmo xeito, Casa Asia incorporará imaxes promocionais da Xunta de Galicia nas súas proxeccións audiovisuais e incorporará o logotipo do Goberno Autonómico nos paneis de honra da sede de Casa Asia.

Pola súa banda, a Consellería de Cultura e Turismo vese obrigada a cumprir con todas as obrigacións que os estatutos de Casa Asia impoñen aos membros do Alto Padroado de Casa Asia e comprométese tamén a acoller polo menos unha actividade anual de entre as que formen parte da Programación de Casa Asia. A sinatura do convenio enmárcase nas competencias da Xunta de Galicia en canto ao fomento da cultura, a creación e difusión cultural dentro do seu territorio e a colaboración na promoción da plástica, a danza, a música, a imaxe, o son e as artes líricas e coreográficas.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**Rabindranath Tagore**

A Consellería de Cultura e Turismo xestionará a doazón do material que forma parte da colección bibliográfica e documental do profesor José Paz en torno a Tagore e o tagorismo, (música, gravado, estudos sobre Bengala) na conmemoración do citado 150 aniversario do escritor. Nesta colección, no cal se relata a vida e obra do Premio Nobel, destacan publicacións en lingua romance, edicións raras, materiais non libraríos e primeiras edicións en bengalí.

A colección está composta por un volume aproximado de 30.000 unidades que se colocarán na Biblioteca de Galicia da Cidade da Cultura para levar a cabo xestións e procesos técnicos necesarios para poñelo á disposición do público da dita biblioteca. Unha vez rematada a dixitalización da colección particular de José Paz, haberá un enlace no *microsite* que asegure a súa difusión.

Do mesmo xeito, neste convenio a Casa Asia comprométese, unha vez finalizada a doazón desta colección á Biblioteca de Galicia, a realizar dentro da súa programación xeral do ano 2011, actividades relacionadas coa India, facendo partícipe a Universidade de Shantiniketan no marco do 150 aniversario de Rabindranath Tagore, para dinamizar e dar a coñecer esta colección.

**Consortio Casa Asia**

Casa Asia é un consorcio público, integrado polo Ministerio de Asuntos Exteriores de Cooperación, a Generalitat de Cataluña, o Concello de Barcelona e o Concello de Madrid. A institución, constituída en 2001, centra a súa actividade na difusión e o desenvolvemento das relacións entre España e os países de Asia-Pacífico.

O Plan Marco Asia Pacífico responde á vontade da difusión e o desenvolvemento das relacións entre España e os países de Asia-Pacífico. En consecuencia deste plan, nace en 2001 Casa Asia co obxectivo de incorporar unha nova dimensión asiática á política exterior española para conseguir unha maior presenza na rexión de Asia e o Pacífico, cuxo nivel actual resulta claramente insuficiente.

Casa Asia ten como obxectivo prioritario promover e realizar proxectos e actividades que contribúan a un mellor coñecemento e ao impulso das relacións entre España e os países de Asia e do Pacífico, especialmente, no ámbito institucional, económico, académico e cultural; un proxecto baseado na colaboración, con vocación de servizo e coa aspiración de converterse en referente da información sobre Asia e o Pacífico.

## CULTURA E TURISMO FINANCIARÁ CON 460.650 EUROS UN PROXECTO PARA A SINALIZACIÓN TURÍSTICA DOS LÍMITES FRONTEIRIZOS DE PONTEVEDRA E OURENSE EN COLABORACIÓN COAS DÚAS DEPUTACIÓNS PROVINCIAIS

- *Os dous acordos de colaboración, asinados a través da Secretaría Xeral para o Turismo, teñen como finalidade facilitar a identificación, tanto da localización como dos itinerarios de acceso, aos recursos turísticos provinciais máis importantes de Ourense e Pontevedra*
- *Esta actuación recóllese xa no Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013, que considera que Galicia tiña unha sinalización insuficiente e non homoxénea. Iníciase polas zonas transfronteirizas con Portugal, dado que este país é o principal emisor de turismo internacional á nosa comunidade*

O Consello da Xunta aprobou hoxe dous convenios de colaboración asinados entre a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, e a Deputación de Pontevedra e Ourense, respectivamente, para a execución do proxecto de sinalización provincial turística xeral e especial dos límites transfronteirizos. Cultura e Turismo achegará un orzamento total por valor de 460.656 euros co fin de facilitar a identificación da localización como dos itinerarios de acceso aos recursos turísticos provinciais de todo tipo nas dúas provincias.

O convenio de colaboración asinado entre a Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo e as Deputacións de Ourense e Pontevedra busca a promoción dos recursos turísticos propios desas zonas, tales como os monumentos urbanos e rurais máis importantes, os pazos, mosteiros, igrexas, santuarios, rutas e espazos naturais, museos, entre outros.

A acción, recollida xa por instancias do Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013 que consideraba que a sinalización existente era insuficiente e non homoxénea, iníciase nas zonas transfronteirizas con Portugal, dado que este país é o principal emisor de turismo internacional a Galicia. A posteriori preténdese acometer un plan que abranca o resto da comunidade. Dada a proximidade física e cultural de Galicia co Norte de Portugal, tanto no caso pontevedrés como no ourensán, e a confluencia de intereses nesta área, era preciso evitar que nos límites fronteirizos existisen recursos turísticos sen sinalizar no territorio.

Con este proxecto que agora se pon en marcha o que se pretende é dar unha continuidade ás rutas turísticas destes espazos, facilitando sendas á disposición dos cidadáns e dos turistas, para que vexan cumpridas as súas expectativas e tiren o máximo proveito dos elementos históricos, artísticos, naturais e mesmo deportivos de que dispoña a zona.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Esta actuación englobase dentro das actuacións que a Consellería de Cultura e Turismo, a través da Secretaría Xeral para o Turismo, está a desenvolver para unha mellor información sobre os recursos que se poñen a disposición dos cidadáns da Eurorrexión. Deste xeito, a iniciativa trata de implementar unha estrutura de sinalización mediante monolitos, paneis identificativos, carteis direccionais, direccionais urbanos rodados e peonís, directorios planimétricos culturais, entre outros, que identifiquen as rutas de acceso e a localización dos recursos de atractivo turístico.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA AUTORIZA A MEDIO RURAL A SINATURA DUN CONVENIO CO MARM EN MATERIA ESTATÍSTICA E INFORMACIÓN AGRARIA E PESQUEIRA**

- *O Consello da Xunta autorizou hoxe a sinatura dun convenio de colaboración entre o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño e as Consellerías do Medio Rural e do Mar*
- *O obxectivo é establecer a acción conxunta das partes asinantes, en materia de estatística agraria, gandeira e de pesca para levar a cabo as funcións precisas na recolla de información*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural para a sinatura dun convenio de colaboración co Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño en materia de estatística e información agraria e alimentaria para a anualidade de 2010, por un importe de 183.806 euros.

Este convenio específico de colaboración ten por obxecto establecer a acción conxunta das partes asinantes, en materia de estatística agraria, gandeira e de pesca, para levar a cabo, durante o ano 2010, as funcións precisas na recolla de información en explotacións agrarias, establecementos, empresas industriais e mercados de produtos agrarios; así como a gravación e validación destes, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia, para a execución do Programa de estatísticas.

**Orzamento**

O importe total deste convenio ascende a 183.806 euros, dos que 13.500 euros serán fornecidos pola Consellería do Medio Rural e 170.306 euros serán fornecidos polo Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño. O presente acordo terá validez ata o 31 de decembro de 2010.

**Comisión de seguimento**

Para o seguimento, control e interpretación do presente convenio créase unha comisión de seguimento que está composta por un representante do ministerio, un representante da Consellería do Medio Rural e outro da Consellería do Mar.



INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**O CONSELLO DA XUNTA INFORMA FAVORABLEMENTE DA PREVALENCIA DO PROXECTO DO EIXO ATLÁNTICO DO AVE NO TRAMO A VACARIZA-RIALIÑO**

- *Mediante este acordo autorízase o paso da liña de alta velocidade polos montes veciñais en man común Isorna, Cruz de Avelán e Balouta e Fontecova, localizados na provincia da Coruña*

O Consello da Xunta autorizou hoxe a Consellería do Medio Rural un acordo polo que se declara expresamente a prevalencia da utilidade pública do *"Proxecto construtivo Eixo atlántico de alta velocidade no tramo A Vacariza-Rialiño (A Coruña). Plataforma"* sobre os montes veciñais en man común "Isorna", no concello de Rianxo e "Cruz de Avelán" e "Balouta e Fontecova", no concello de Dodro; promovida pola *Dirección General de Ferrocarrís do Ministerio de Fomento*.

Deste xeito, a comunidade de Isorna (concello de Rianxo) terá unha superficie de afección de 8.157 metros cadrados, na comunidade de San Xoán de Laiño (concello de Dodro) a superficie de afección será de 117.409 metros cadrados, mentres que na comunidade de Dodro (concello de Dodro) será de 12.674 metros cadrados.

O departamento territorial da Consellería do Medio Rural na Coruña comunicou no mes de setembro do pasado ano 2009 os expedientes ás comunidades de montes veciñais en man común afectadas, sendo a comunidade Cruz de Avelán a única que formulou alegacións. O servizo de Montes emitiu un informe propoñendo a aceptación destas alegacións e con data do 19 de febreiro deste ano 2010 foi emitido informe favorable á utilidade pública deste proxecto.



## **O CONSELLO DA XUNTA DÁ O PRIMEIRO PASO PARA A ELABORACIÓN DO PLAN DE IGUALDADE DA ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA**

O Consello da Xunta de Galicia aprobou hoxe a creación da comisión paritaria para a elaboración do Plan de Igualdade da Administración Autonómica Galega, ao que obriga a lexislación vixente.

Esta comisión paritaria terá que elaborar o referido plan e garantir a participación na súa preparación tanto dos departamentos da Xunta de Galicia con implicacións en materia laboral así como das organizacións sociais que velan polos dereitos das traballadoras e traballadores.

A composición desta comisión debe incluír, cando menos, unha persoa en representación de cada un dos departamentos con competencias en materia de traballo, de benestar, de función pública, de igualdade, de educación, de sanidade, de xustiza e de medio rural, tendo en conta as características específicas do persoal dependente destes departamentos e o contido das actuacións que desenvolven.

Así mesmo, garantindo a composición paritaria, o informe aprobado hoxe establece a presenza de dúas persoas en representación de cada organización sindical. A presidencia será outorgada á persoal titular da Secretaría Xeral da Presidencia da Xunta de Galicia.

A normativa vixente, a Lei 7/2004, do 16 de xullo, galega para a igualdade de mulleres e homes, e a Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes, obriga ao goberno autonómico galego a aprobar un plan de igualdade; por iso, antes é preciso realizar un diagnóstico da realidade dende unha perspectiva de xénero, que fixe obxectivos concretos de igualdade dentro duns prazos de tempo razoables, estableza un código de boas prácticas necesarias e convenientes para acadar os obxectivos asumidos e configure sistemas eficaces de control interno e avaliación externa sobre o seu cumprimento.

Este plan xeral elaborárase con carácter previo á elaboración dos plans de igualdade propios dos organismos e entidades dependentes da administración autonómica, obrigados pola lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia a aprobaren os seus propios plans de igualdade. De feito, no Consello da Xunta do pasado 4 de marzo aprobouse a lista de organismos autónomos e entidades públicas empresariais con participación da Comunidade Autónoma que teñen que elaborar un plan de igualdade, tal e como obriga a disposición transitoria única da Lei 2/2007, do 28 de marzo.

### **Plan con carácter exemplarizante**

A elaboración deste plan de igualdade na Administración autonómica galega xustifícase, non só pola obrigatoriedade da lei, senón porque para lograr a implantación efectiva da igualdade de trato no ámbito laboral en Galicia é necesario o exemplo das

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

administracións públicas, que apliquen ao persoal ao seu servizo aquelas medidas que posibiliten o acceso e a promoción profesional en condicións de igualdade de mulleres e homes a todos os postos de traballo, con independencia da cualificación do posto ou do seu carácter directivo.

Por iso, é preciso que a Administración autonómica, ademais de prestar apoio ás empresas para a implantación de plans de igualdade, se configure como exemplo de organización garante da igualdade nas relacións laborais, dando efectiva aplicación no seu ámbito a un plan de igualdade e velando polo seu efectivo cumprimento e mellora constante.

## **A EGAP INCREMENTA NUN 82% AS HORAS DE FORMACIÓN PARA O PERSOAL DA ADMINISTRACIÓN LOCAL DE GALICIA NO ANO 2010**

O Consello da Xunta coñeceu hoxe o Plan de Formación Continua do persoal da Administración Local de Galicia para o ano 2010, que se leva a cabo na sede da Escola Galega de Administracións Públicas (EGAP) e que para este ano prevé un incremento do 82 por cento nas horas de formación e dun 60 por cento no número de prazas respecto ao pasado exercicio 2009.

O programa formativo do 2010 ofrece 84 edicións de actividades, con máis de 2.000 horas de formación e preto de 3.000 prazas, que se distribúen aproximadamente ao 50% na modalidade de presencial e na de teleformación. O incremento respecto de anos anteriores é importante, xa que no ano 2009 houbo 55 edicións, 1.105 horas totais de formación e 1.850 prazas convocadas.

Con este plan de formación local presentado hoxe no Consello, a Escola Galega de Administración Pública continúa colaborando dende o eido da formación na transformación e modernización que se está operando no seo das entidades locais galegas, impulsando os principios de subsidiariedade e proximidade ao cidadán.

A EGAP amplía este ano o número de actividades que se organizan na modalidade de teleformación, apostando así pola utilización das novas tecnoloxías da información e comunicación aplicadas á oferta de formación, como mecanismo para garantir o acceso á formación para todo o persoal das entidades que integran a administración local de Galicia.

Ademais de superar a separación física entre o profesorado e o alumnado, esta ferramenta formativa que utiliza preferentemente Internet como medio de comunicación coloca o alumno no centro dunha formación independente e flexible, ao ter que xestionar a súa propia aprendizaxe.

A programación incorpora un programa específico para funcionarios de Administración local con habilitación de carácter estatal, tratando de dar resposta ás necesidades formativas referentes ás especialidades profesionais que existen nas entidades locais correspondentes a estes funcionarios, que desempeñan un papel esencial no funcionamento das entidades locais .

Ademais, introdúcense programas formativos de alta especialización en temáticas novas como é a de estranxeiría, equipamentos comunitarios, turismo e bibliotecas públicas. Tamén se inicia una liña específica de formación en idiomas.

No ámbito das novas tecnoloxías ofrécese actividades formativas en colaboración coa Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica especificamente deseñadas para o persoal que presta servizos en entidades locais, ofrecendo formación básica en

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
 Consello da Xunta

materias de ofimática esenciais na actualidade para realizar o traballo ordinario de natureza administrativa en calquera administración pública.

Dentro do Plan de Formación da EGAP, O do Persoal da Administración Local é un dos distintos programas que se inclúen no Plan de Formación da EGAP, que tamén recolle o Plan de Formación do Persoal da Administración Autonómica; o Plan de Formación do Persoal da Administración de Xustiza; e o Programa de formación directiva, superior, de especialización e singular.

**COMPARATIVA 2009-2010**

	<b>EDICIÓNS</b>	<b>HORAS</b>	<b>PRAZAS</b>
TOTAL 2009	<b>55</b>	<b>1.105</b>	<b>1.850</b>
TOTAL PROPOSTA 2010	<b>84</b>	<b>2.017</b>	<b>2.950</b>
%INCREMENTO 2010 SOBRE 2009	<b>53 %</b>	<b>82%</b>	<b>60%</b>

<b>POR MODALIDADE DE IMPARTICIÓN</b>	<b>Edicións</b>	<b>Horas totais</b>	<b>Prazas</b>
FORMACIÓN PRESENCIAL	45	847	1.125
TELEFORMACIÓN	39	1.170	1.825
	<b>84</b>	<b>2.017</b>	<b>2.950</b>
<b>DESCENTRALIZACION</b>	<b>Edicións</b>	<b>Horas totais</b>	<b>Prazas</b>
FORMACIÓN PRESENCIAL	45	847	1.125
<b>SANTIAGO</b>	26	494	750
<b>A CORUÑA</b>	5	92	110
<b>LUGO</b>	4	72	60
<b>OURENSE</b>	5	97	95
<b>PONTEVEDRA</b>	3	46	55
<b>VIGO</b>	2	46	55

## O PLAN INTEGRAL DE EFICIENCIA ENERXÉTICA NOS CENTROS DO SERVIZO GALEGO DE SAÚDE PERMITIRÁ UN AFORRO DE ATA 8 MILLÓNS DE EUROS

- *Evitarase tamén a emisión de 10.000 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano, co que se contribuirá á mellora ambiental e da saúde pública*
- *A experiencia piloto realizarase no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela, onde está previsto que o proxecto estea implantado o próximo mes de xullo*

A Consellería de Sanidade e o Servizo Galego de Saúde van desenvolver, con carácter integral, un plan integral de eficiencia enerxética na rede de centros sanitarios públicos. O consumo da rede hospitalaria representa case a metade do consumo enerxético de toda a Xunta de Galicia, e as experiencias acumuladas neste eido determinan que o seu potencial de aforro podería situarse entre o 10 e o 40% do consumo actual. Isto implica que se poderían acadar aforros de entre 2 e 8 millóns de euros.

Así llo explicou hoxe a conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, aos membros do Consello da Xunta, na súa reunión semanal, onde presentou un informe centrado neste Plan, que definiu como “un proxecto comprometido coa sociedade e co ambiente”. Neste sentido, estímase que, coa implantación das devanditas medidas de aforro enerxético se evitará tamén a emisión de aproximadamente 10.000 toneladas de CO<sub>2</sub> ao ano, co que se contribuirá á mellora ambiental e da saúde pública.

Deste xeito, no marco da situación económica actual e dentro das políticas enerxéticas do Executivo autonómico que, entre outras, contemplan medidas de aforro e eficiencia enerxética nas administracións públicas de Galicia, esta iniciativa busca identificar e implantar proxectos que permitan mellorar, de forma sustentable no tempo, a eficiencia enerxética da rede de centros do Sergas.

### Fases do proxecto

Na iniciativa participará Galaria como medio propio instrumental do Servizo Galego de Saúde, o que fortalecerá a visión global e facilitará a súa futura proxección ao conxunto da rede asistencial pública de Galicia.

O proxecto preténdese abordar de forma secuencial nos diferentes centros da comunidade, e, dentro de cada un deles, contéplanse tres fases. Na primeira identificaranse as posibilidades de aforro no consumo en cada centro traballando sobre todas as tecnoloxías potencialmente afectadas, como a calefacción, a iluminación, a climatización, os ascensores ou a lavandaría, entre outros.

Na segunda concretaranse as accións a realizar, con obxectivos como racionalizar o consumo, aumentar a eficiencia das instalacións e mellorar as políticas de compras de enerxía. Cada unha destas accións poderá implicar un proxecto individualizado, coa

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

avaliación das súas necesidades de investimento, recursos ou prazos. Por último, na terceira fase implantaranse as accións definidas na segunda.

Outro dos obxectivos do proxecto, que a Consellería de Sanidade valora como moi importante, consiste en implicar nel os profesionais sanitarios para lograr tanto o seu compromiso como o dos usuarios, cun consumo enerxético responsable para conseguir e manter a mellora ao longo do tempo.

Como experiencia piloto realizarase o primeiro estudo de consumo no Complexo Hospitalario Universitario de Santiago de Compostela (CHUS), xa que a súa factura é a maior de toda a rede hospitalaria e renova unha gran parte dos contratos de mantemento neste ano.

Así mesmo, este centro posúe unha recoñecida traxectoria en materia de calidade, innovación e mellora continua. De acordo coa planificación realizada, está previsto que a implantación de medidas de mellora poida iniciarse no CHUS no próximo mes de xullo.

A implantación de accións de redución do consumo enerxético ten unha grande importancia, xa que neste momento o gasto no mantemento dos centros sanitarios supón unha partida moi elevada nos orzamentos da Xunta de Galicia. De aí que as medidas que se implanten -e que, como consecuencia, axusten o consumo de enerxía dos centros- van permitir un aforro económico que se poderá utilizar para conseguir a mellora das prestacións sanitarias sen alterar o equilibrio financeiro do Servizo Galego de Saúde.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA DE GALICIA ACTIVARÁ O VINDEIRO 1 DE XUÑO O SEU PLAN DE ACTUACIÓNS FRONTE A UNHA POSIBLE VAGA DE CALOR**

Reducir o impacto das temperaturas de calor extremo sobre a saúde da poboación galega é o obxectivo xeral do plan de actuacións da Xunta de Galicia fronte a unha posible vaga de calor, que entrará en funcionamento o vindeiro 1 de xuño. As consellerías implicadas neste operativo son as de Sanidade; Traballo e Benestar; Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza; e Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

Asemade, mediante este Plan, o executivo galego pretende establecer un sistema de previsión, alerta e comunicación dos riscos; definir unha sistemática de intervención para cada nivel de alerta e, por último, reforzar a coordinación interinstitucional entre as unidades competentes nesta materia.

O Plan está estruturado arredor de seis sistemas. Un primeiro, de coordinación das administracións implicadas no desenvolvemento das actuacións. Un segundo, de información ambiental para a predición e o seguimento, se é o caso, das vagas, baseado na información facilitada pola Consellería de Medio Ambiente e tendo en conta outras fontes do Ministerio de Sanidade e Política Social.

O terceiro sistema será o de decisión do nivel de alerta existente, liderado pola Dirección Xeral de Saúde Pública e Planificación, co apoio dun comité de crise con representantes das consellerías implicadas. O cuarto, establece a vixilancia da morbilidade e mortalidade inducida pola vaga.

En quinto lugar haberá un dispositivo de comunicación e información en cada nivel de alerta que contemplará cubrir a poboación en xeral, os profesionais e dispositivos do Sistema Galego de Servizos Sociais e entidades de acción voluntaria que traballan no ámbito de atención ás persoas maiores, e, ademais, os traballadores e dispositivos sanitarios.

Por último, establécese un sistema de protocolos de actuación ben definidos para cada nivel de alerta.

**Coordinación**

Para desenvolver as actuacións contempladas cómpre a intervención de múltiples departamentos da Xunta de Galicia e doutras administracións públicas, en función do ámbito de competencias propio de cada unha delas. Por este motivo, é necesario establecer un mecanismo de coordinación que facilite o fluxo de información entre elas e, ademais, permita e impulse a colaboración nas diferentes actividades definidas. A tal fin, créase un comité interdepartamental para a prevención e control dos efectos sobre a saúde das altas temperaturas. Este comité estará presidido pola directora xeral de Saúde Pública e Planificación da Consellería de Sanidade.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Engadido a todo o anterior, establécese a posta en marcha dun sistema de información ambiental específico, para dar a coñecer, anticipadamente e nun momento concreto, o risco de vaga que pode afectar unha poboación determinada residente nun ámbito xeográfico, e, así mesmo, facilitar a toma de decisións para a posta en marcha de actuacións encamiñadas a prestar asistencia social á poboación susceptible e anticiparse a un posible incremento da demanda de asistencia sanitaria.

O sistema de vixilancia ambiental debe ter capacidade para dar resposta a dúas características fundamentais: permitir a información a nivel de concello ou agrupacións de concello e, ademais, basearse en indicadores que teñan en conta, á parte da temperatura, a velocidade do vento e o grao de humidade.

O plan contempla, tamén, un sistema de vixilancia da morbilidade tanto extrahospitalaria, a través do 061, como hospitalaria, por medio da Dirección de Asistencia Sanitaria do Sergas e das xerencias dos hospitais. Haberá, así mesmo, un sistema de comunicación e información dirixido á poboación xeral, aos profesionais do sector social e aos traballadores e dispositivos do ámbito sanitario.

Sinalar, por último, que a existencia dunhas actuacións preestablecidas non supoñen a constatación de que a vaga de calor vaia producirse, senón a admisión de que esta situación pode darse.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta**A XUNTA INICIA O PROCESO DE INTEGRACIÓN DAS FUNDACIÓNS DE INVESTIGACIÓN SANITARIA DOS COMPLEXOS HOSPITALARIOS GALEGOS, QUE SE CONCENTRARÁN EN TRES**

- *A reestruturación permitirá que as entidades resultantes dispoñan dunha maior capacidade de resposta, facéndoa máis áxiles, máis eficientes e máis resolutivas*
- *Tras o proceso de fusión existirán as fundacións de interese galego para a investigación, desenvolvemento e innovación no sector sanitario da Área Norte, da Área Centro e da Área Sur de Galicia*

A conselleira de Sanidade, Pilar Farjas Abadía, presentou hoxe un informe no Consello da Xunta explicando que o departamento que dirixe vai iniciar un proceso de integración das sete fundacións de interese galego para a investigación, desenvolvemento e innovación no sector sanitario de Galicia.

Despois da reestruturación concentraranse en tres, o que suporá que as fundacións resultantes disporán dunha maior capacidade de coordinación, maior eficacia e menor carga burocrática, aumentando así a súa capacidade para desenvolveren distintos campos nos procesos de investigación, o que supón un incremento da súa eficiencia.

Na actualidade existen sete, que veñen realizando un importante labor no eido da investigación sanitaria: a Fundación do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña; a Fundación Profesor Novoa Santos (en Ferrol); a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago; a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Xeral-Calde (en Lugo); a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo; a Fundación Cabaleiro Goás (en Ourense); e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

Trátase de entidades que comparten uns fins fundacionais similares, relativos ao desenvolvemento e promoción da investigación no ámbito sanitario, e que, de acordo cos seus estatutos, gozan de personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, e poden realizar, en consecuencia, todos aqueles actos que sexan necesarios para o cumprimento da finalidade para que foron creadas.

**Proceso de fusión**

Coa finalidade de cumprir mellor estes obxectivos, preténdese acordar a fusión por absorción ao considerarse esta a mellor das alternativas, xa que permite aunar esforzos e recursos na procura dunha maior eficiencia e facilita a coordinación entre os tres campus universitarios e os tres institutos de investigación.

As fundacións resultantes da fusión subrogaranse en todos os dereitos e obrigas das actuais, sen que como consecuencia do proceso de fusión se poidan ver afectados os dereitos dos traballadores de ambas. No proceso de fusión acordarase o cambio de

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

denominación das resultantes, que distinguirá entre as fundacións de interese galego para a investigación, desenvolvemento e innovación no sector sanitario da Área Norte, da Área Centro e da Área Sur de Galicia.

Así, a primeira delas incluírá a Fundación do Complexo Hospitalario Universitario A Coruña e a Fundación Profesor Novoa Santos. Na da Área Centro integraranse a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Universitario de Santiago e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario Xeral-Calde.

Por último, na da Área Sur de Galicia fusionaranse a Fundación Biomédica do Complexo Hospitalario Universitario de Vigo, a Fundación Cabaleiro Goás e a Fundación para a Investigación, Desenvolvemento e Innovación do Complexo Hospitalario de Pontevedra.

**Obxectivos das fundacións**

Estas entidades terán por obxecto servir de soporte para a promoción da actividade de investigación no ámbito sanitario. Así, os seus fins serán fomentar a consecución de mellores niveis de asistencia sanitaria; o desenvolvemento da atención socio-sanitaria; ofrecer información nas diferentes áreas da sanidade, a atención médica, a enfermaría e a xestión sanitaria; promover a consecución de mellores niveis tecnolóxicos; fomentar a cooperación da sociedade coas institucións sanitarias públicas; promover a investigación científica; elaborar proxectos de investigación propios do seu ámbito; vixiar a ética e os principios deontolóxicos da investigación; favorecer a colaboración entre os distintos equipos; procurar o desenvolvemento dunha xestión eficiente de entidades; difundir o resultado das tarefas investigadoras; promover o intercambio, a difusión e a divulgación dos coñecementos científicos e técnicos, médicos e sanitarios, mediante o fomento e a organización de publicacións; e promocionar actividades e creacións culturais e artísticas relacionadas co ámbito sanitario.

Deste xeito, as fundacións poderán levar a cabo iniciativas para a consecución destes fins, como conceder axudas económicas, de recursos e de medios materiais e de servizos, a institucións e a persoas; incentivar a participación nas actividades doutras entidades que realicen actividades coincidentes ou complementarias coas da propia fundación; organizar cursos, xornadas, proxectos e similares; participar na creación de publicacións e doutros medios de difusión de coñecementos; prestar servizos de apoio formativo e educativo; e concertar convenios de colaboración con institucións para fomento de actividades de interese.

No que se refire aos órganos da fundación, o padroado é o órgano de goberno, que poderá acordar a contratación dun director/xerente con competencias en materia de xestión e administración da fundación. Baixo a dirección e supervisión deste constituirase unha unidade técnica encargada de proporcionar aos investigadores o necesario soporte administrativo e técnico, incluíndo o asesoramento metodolóxico e experimental nas aplicacións cuantitativas e no seguimento dos procesos.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS  
Consello da Xunta**A XUNTA ENTENDE QUE NON É PRECISO UN NOVO INFORME DE IMPACTO AMBIENTAL NO TRAMO DO AVE ENTRE LUBIÁN E OURENSE**

- *En último termo é o Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño (MARM) quen debe decidir se cómpre ou non un novo informe de impacto ambiental*
- *A Xunta reitera, e o fará mil veces máis, o seu apoio decidido e definitivo a esta infraestrutura vital para toda Galicia*
- *Juárez informou o Consello que nun subtreito concreto poderían apreciarse afeccións ambientais, pero é o Goberno Central quen ten que avalialas*

O Consello da Xunta escoitou na súa xuntanza de hoxe o informe que o conselleiro do Medio Rural expuxo sobre o acceso noroeste do corredor de alta velocidade ferroviaria, no treito entre Lubián e Ourense. Samuel Juárez detallou os pasos dados ata o de agora canto á información ambiental, e tamén a postura da Xunta de Galicia, que é de total apoio a esta infraestrutura.

Así, o conselleiro lembrou que no primeiro ano do goberno bipartito, se realizará un estudo informativo ambiental sobre o devandito tramo, por petición do *Ministerio de Medio Ambiente e Medio Rural e Mariño* (MARM). Á vista daquel estudo e doutros similares en poder do Ministerio, decidiuse por parte do organismo promotor (ADIF, dependente do Ministerio de Fomento) a modificación de parte do trazado.

Tras esa alteración técnica, o MARM solicita novo documento informativo á Xunta de Galicia, que se remite xa por parte do actual Goberno. Neste segundo documento informativo, de novo evacuado a petición do Ministerio, mellórase de maneira substantiva a perspectiva ambiental en dous dos tres subtramos do proxecto. Unicamente nun deles, no de Vilariño-Cercedelo, existe unha afectación distinta – descoñécese se maior ou menor por falta de concreción técnica- nas beiras do río Támega, declaradas oficialmente como LIC (lugar de interese comunitario).

**A Xunta informa, non decide**

Aínda así, no segundo documento informativo, evacuado pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza neste mesmo mes, e tras unha xuntanza con varias administracións implicadas, conclúese que “a decisión de someter a modificación proposta a novo procedemento de avaliación de impacto ambiental pertence ao órgano ambiental, neste caso, o MARM. Tendo en conta que esta modificación afecta o LIC río Támega, igual que o facía o antigo trazado, non se pode extraer do informe desta dirección xeral que deba realizarse un novo procedemento de avaliación ambiental”.

É dicir, a Xunta clarifica, que só o Goberno Central pode decidir se cómpre ou non novo informe, e que, en todo caso, a afectación no Támega varía porque varía o proxecto, pero non se pode concluír que sexa máis “negativa”. Este termo, empregado por algún membro do Goberno Central recentemente, non se corresponde coa realidade, e desde logo non se recolle nin neste nin noutros documentos similares anteriores.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Igualmente, a Xunta require do organismo promotor máis información sobre cuestións técnicas no subtramo Vilariño-Cercedelo (tales como pavimentación e pivotaxe de columnas, materiais a empregar, etc.), para cualificar a afectación, que polo de agora só coñece que é “distinta” ao primeiro proxecto.

En resumo, o Goberno galego confía en que o central clarifique os termos ambientais do novo proxecto, e sobre todo que asuma a súa responsabilidade cunha obra fundamental para o desenvolvemento do eixo meridional -e por extensión de toda a Comunidade Autónoma-. E desexa, asemade, clarificar que en ningún caso poñerá trabas a unha obra desta importancia.

## MAR OPTIMIZA A XESTIÓN ECONÓMICA DA PROMOCIÓN DOS PRODUTOS GALEGOS NAS FEIRAS MÁIS IMPORTANTES DO MUNDO SEN PERDER CALIDADE NIN PRESENZA

- *No que vai de 2010 a Consellería do Mar asistiu a 8 certames para promocionar o consumo e sumar máis valor engadido ao peixe e marisco galego*
- *As próximas citas serán Salimat en Silleda no mes de xuño e, en outubro, Conxemar en Vigo e Sial en París*
- *Comparando as principais feiras de promoción de produtos mariños galegos a que asistiu o executivo autonómico en 2008 e/ou 2009, este ano experimentouse un aforro de máis de 420.000 euros sen perder presenza nin calidade*

A Consellería do Mar, no seu afán por mellorar na comercialización, apoia as empresas galegas do sector pesqueiro, marisqueiro e acuícola coa asistencia ás feiras relativas á promoción dos produtos da pesca e do marisqueo. Así lle foi trasladado ao Consello da Xunta nun informe que recolle a presenza da Consellería en 11 certames ao longo de 2010, co obxectivo de abrir mercados emerxentes e potenciar o consumo de peixe e marisco galego, sumándolle máis valor engadido.

O ano 2010 supuxo un exemplo de optimización dos recursos económicos en comparación cos anos 2009 e 2008 sen supor unha mingua na calidade e cantidade de asistencia ás feiras. Así, comparando as principais feiras de promoción de produtos mariños galegos a que asistiu o executivo autonómico en 2008 e/ou 2009, este ano experimentouse un aforro de máis de 420.000 euros na asistencia a estes eventos, aos cales –por vez primeira nestes últimos 4 anos- se procurou dar unha imaxe conxunta de goberno acudindo como unha única Administración e non como consellerías independentes.

No que vai deste ano, a Consellería do Mar estivo presente xunto con preto de 80 empresas galegas en 8 certames deste tipo, varios de ámbito internacional – *Mediterranean Seafood, Alimentaria, Salón Gourmets, Acui 2010, Seafood*– nos cales potenciou, difundiu e promocionou os produtos do mar de Galicia. Nalgúns casos foi acompañada da Consellería do Medio Rural, como no *Fórum Gastronómico de Santiago* ou *Alimentaria*, buscando dar unha imaxe única de Galicia avalada por unha oferta mar-terra que se potencia e complementa.

O departamento que dirixe Rosa Quintana está a impulsar todas aquelas medidas que sexan necesarias para incrementar a competitividade dos produtores para a potenciación e desenvolvemento de novos mercados, así como a consolidación dos xa existentes. A Consellería elaborou a programación do ano 2010 con base nas solicitudes e necesidades expostas polas propias empresas da industria transformadora e comercializadora.



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS**  
Consello da Xunta

Así, ademais de dar a coñecer a importancia de Galicia no ámbito pesqueiro, no caso destas feiras, con coexpositores, o propio stand da Xunta convértese nun punto de encontro onde as empresas dispoñen dun lugar propio para amosar os seus produtos e recibir os seus clientes, co fin de impulsar as súas estratexias comerciais, tanto no mercado nacional como internacional.

**Próximos certames**

Nos vindeiros meses a Consellería do Mar participará tamén no Salón de Alimentación do Atlántico (*Salimat*) que se celebrará en Silleda no mes de xuño, coa finalidade de promover o consumo dos produtos do mar de Galicia, en especial aqueles con marcas de calidade. Xa no mes de outubro participará do 7 ao 9 de outubro en *Conxemar*, para apoiar a industria conxeladora galega e promocionar a súa imaxe a nivel nacional e internacional.

No mesmo mes, do 17 ao 21, Mar estará presente nun dos salóns de alimentación máis importantes do mundo, *SIAL*, que se celebrará en París e onde as empresas galegas terán oportunidade de promocionar os produtos frescos e transformados do sector pesqueiro galego no mercado francés.